



PREGUNTA ORAL SOBRE O PROCEDEMENTO PARA A REHABILITACIÓN DUN LOCAL PROPIEDAD DA FUNDACIÓN-ABANCA NA PRAZA DE SALVADOR PARGA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha comparecencia pública celebrada tras a reunión da Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2018, o alcalde deu conta da aprobación do proxecto de rehabilitación dun local radicado na Praza Salvador Parga, propiedade da Fundación-Abanca, coa intención de convertelo no futuro centro cívico da cidade histórica.

Segundo se comentou daquela a redacción e aprobación deste proxecto, adxudicado polo Goberno local a través dun contrato directo por un importe próximo aos 15.000 euros, era parte dun "traballo de colaboración" que se estaba desenvolvendo coa propiedade do baixo "para poder chegar a un convenio marco coa Fundación e poder empregar o devandito local, amortizando evidentemente o investimento a unha serie de anos".

Á vista da indefinición deste procedemento e do tempo transcorrido, sen que conste ningunha novidade ao respecto, fórmulase a seguinte pregunta:

Cal é o dereito ou o vínculo que no momento de contratar tiña o Concello sobre ese inmoble para facer o encargo dun proxecto de obra destinado a unha propiedade privada con cargo ao orzamento público; onde constan os termos desa colaboración e cales son os compromisos concretos subscritos entre o Concello e A Fundación-Abanca para converter o local situado na Praza Salvador Parga nº 4-5 no futuro centro cívico da cidade histórica?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2019

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular